

O comezo do ano é augural e propiciatorio. Se os tempos comezan activos, dicía Ovidio³², agoiran para o ano unha fecunda actividade e por iso os romanos se entregaban ó dilixente exercicio. Tamén, no século VI en Galicia, o Dumiense di que, empezando ledoo ano, todo el traerá ledicia³³.

Aínda hoxe se fan as sortes e resortes de *Aninovo* ou de xaneiro: os doce primeiros días deste mes corresponderanse cos doce meses do ano³⁴. A esta noite tamén lle chaman *Noite de apalpadoiro* porque apalpan a barriga para ver se comeron para todo o ano, e os mozos visten roupa nova para garantila todo o ano dese xeito.

En Portugal fanse agoiros climatolóxicos acendendo unha fogueira e advertindo cara que lado se dirixe o fume: se norte, frío, e se sur, seco³⁵. Tamén se fan prediccións éticas (*O que se faz no primeiro do ano, faz-se todo o ano*). Este é o motivo polo que exhortan ós nenos ó ben obrar este día, para acadar igual comportamento todo o ano.

Costume moi estendido, e no que participei algunha vez, é o dos *estreitos*. O día final de ano sortéanse os solteiros de ámbolos sexos. Nun recipiente pónense papeis cos nomes dos homes, e noutro igual número de papeis cos nomes das doncelas. Vanse sacando dun e doutro e quedan as parellas como noivos finxidos. No meu pobo de Verín o mozo facía un agasallo proporcionado ó gusto que a sorte lle deparara. En Viana do Bolo³⁶ facíase o xogo no *fiadeiro*, e bailaban despois as parellas ó ritmo dos *conchos* e do pandeiro, quedando o mozo coa obriga de festexar á súa parella. Noutros lugares de Ourense, ó día seguinte, o mozo debe ir á casa da moza que lle destinou a fortuna, acompañala e bailar con ela polo serán. Xa dixemos que tamén nos arredores de Ourense as *estreitas* fanse diante dunha fogueira acesa no adro das igrexas.

De nova introducción é a práctica de come-las doce uvas coincidindo coas doce badaladas da fin de ano, último momento do *mes morto*, como se lle chama ó de decembro en Galicia. A súa mani-

³² *Fastos*, I, páx. 545.

³³ «De correctione rusticorum», en *España Sagrada*, XV, páx. 428.

³⁴ RISCO, V., *Terra de Melide*, páx. 455.

³⁵ GALEANO, M^a H., «Algumas notas», en *Actas Coloquio Leite de Vasconcelos*, III.

³⁶ TENORIO, N., *Op. cit.*, páxs. 68 e 69.

- a) O *tizón do Nadal* do que non falarei por telo xa estudiado noutra parte⁶³, pero que se atopa sintetizado nestas verbas de Mircea Eliade⁶⁴: «la producción ritual del fuego reproduce la creación del mundo. Por eso es por lo que al terminar el año se extinguen todos los fuegos (reactualización de la noche cósmica), que vuelven a encenderse el día de Año Nuevo (repetición de la cosmogonía o renacimiento del mundo)».
- b) A *presencia das ánimas* na cea, comunidade familiar entre vivos e mortos que se produce no intre entre o tempo profano e o tempo sagrado, ó se verifica-la ruptura do nivel, o que se chamou *coincidentia oppositorum*.

A extensión desta crenza no tempo e no espacio acredita o seu valor etnolóxico. En Atenas convidábase ás ánimas nas *Antesterias*, preparándolles unha *panspermia* que ningún vivente podía probar⁶⁵. En Roma eran os deuses quen en ocasións acudían ás comidas: «Ante focos olim scamnis considere longis mos erat et mensae credere adesse deos»⁶⁶. O costume pervive en moitas partes: entre os *kurganes*, en banquetes cerimoniais de certas festas funerarias, ofrécense alimentos ás ánimas dos mortos⁶⁷, en Noiteboa en Normandía⁶⁸ e noutros lugares en Tódoos Santos ou en San Xoán⁶⁹.

- c) O *carácter augural, propiciatorio, embruxado e máxico* deste ciclo, como consecuencia do tempo crítico ou de mutación que é, acúsase no vestir roupa nova, no *apalpadoiro*, nos presaxios metereolóxicos dos doce primeiros días de xaneiro, etc., nas lendas de cantos de galos ou redobres de campá en cidades asulagadas e no seu carácter propiciatorio para sortilexios, meigallos ou esconxuros, como se pensou desde antigo⁷⁰.

⁶³ TABOADA, J., «El tizón de Navidad», en *Coloquio Leite de Vasconcelos*, II.

⁶⁴ *Herreros y alquimistas*, páx. 39.

⁶⁵ WOLFEL, D. J., *Op. cit.*, páxs. 338-339.

⁶⁶ OVIDIO, *Fasti*, VI, páx. 305.

⁶⁷ SADNIK, L., «La religión de los eslavos», en *BAC*, II, páx. 354.

⁶⁸ *Melusina*, I, páx. 14.

⁶⁹ SEBILLOT., *Op. cit.*, páx. 242; CABAL, C., *Diccionario. Antolin-Antroxo*, páxs. 122 e ss.

⁷⁰ BAROJA, J., *Las brujas y su mundo*, Madrid, 1961, páxs. 130 e 187.; FRAZER., *Op. cit.*, páx. 633; SEBILLOT., *Op. cit.*, páxs. 257, 261, 295; CASAS, E., *Op. cit.*, páxs. 28 e 29.